ACTA DE APERTURA DO "SOBRE B" DENOMINADO "CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA. REFERENCIAS TÉCNICAS" DO SERVIZO PARA A XESTIÓN E IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NA AULA CEMIT DE REFERENCIA DO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 10:30 horas do día 7 de marzo de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **"PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN URXENTE DO SERVIZO PARA A XESTIÓN E IMPARATICIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NA AULA CEMIT DE REFERENCIA DO CONCELLO DE AMES.**

C.I.F.: P - 1500200 - I

ASISTENTES:

Presidente:

Jose M. Miñones Conde, alcalde e responsable da Área de Reforma Administrativa.

Vogais:

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames
Margarita Fernández Sobrino, interventora do Concello de Ames
José Rogelio Pardo Martínez, xefe do servizo de contratación do Concello de Ames

Secretaria:

M. Isabel Quintáns Ríos, auxiliar administrativa do Departamento de Contratación

En representación das empresas licitadoras non asisten ningún representante a este acto.

Na sesión da mesa de contratación de data 2 de marzo de 2017, procedeuse á apertura dos sobres "A", que contiñan a documentación administrativa, obtendo o seguinte resultado:

Empresa	
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS S.L.	Admitida
M. PAZ LÓPEZ PONTE	Excluída

A continuación procédese a apertura dos sobres B que conteñen as referencias técnicas dos seguintes licitadores declarados admitidos:

Empresa	
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS S.L.	Admitida

Unha vez aberta a documentación e examinada polos membros da mesa de contratación, comprobase que a empresa admitida presenta a documentación esixida de acordo co disposto nos pregos que rexen a contratación do servizo, e esta, por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA:

PRIMEIRO.- Nomear como técnico responsable da valoración das referencias técnicas do procedemento en curso a Miguel A. Díaz Aviñoa, informático da Área de Reforma Administrativa deste concello.

SEGUNDO.-Remitir a proposición técnica anteriormente indicada para a súa valoración e

puntuación antes do acto de apertura de ofertas económicas e de acordo cos criterios e a ponderación establecidos no prego.

TERCEIRO.- Unha vez valorados os criterios subxectivos que se conteñen no "Sobre B" do procedemento, procederase a publicar con 2 días de antelación no perfil do contratante e no taboleiro de edictos do concello a data e lugar do acto público de apertura dos "Sobres C"que conteñen as ofertas económicas.

E para que así conste estendese a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesma, certifico.